

*7º Festival
de Jazz de Vigo*

IMAXINASONS

17 / 25 xuño 2011 · Concertos · Exposicións · Conferencias · Mesas redondas · Master-Class · Música na rúa



DOSSIER

7º Festival
de Jazz de Vigo

IMAXINASONS

17 / 25 xuño 2011



ORGANIZA

Departamento de Cultura do Concello de Vigo
Praza do Rei, 1 - 36202 VIGO
Tlf: 986.810.239; fax: 986.228.438; correo: ofi.cultura@vigo.org

Concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural
Xesus López Carreira

Xefe do departamento de Cultura
Ignacio Oliveira López

Asesor Técnico de Cultura
Xerome Calero

Dirección artística do Festival
Nani García

PATROCINA

Novacaixagalicia

Consellería de Cultura e Turismo. Xunta de Galicia. AGADIC

INFORMACIÓN XERAL

www.imaxinasons.com

www.vigo.org

Servizo de atención cidadá: 010 (dende móbil ou fóra de Vigo 986.810.260)

Horario: de 8 a 20 h. de luns a venres, de 10 a 14 h. os sábados

VENDA DE ENTRADAS

www.servinova.com / 902.504.500

Venda anticipada de entradas individuais:

Prezos: MARCO: 3€

Auditorio Municipal: 5 €

Centro Cultural Caixanova Butaca: 12 €; 1º anf: 11 €; 2º anf: 10 €; 3º anf: 9 €

Venda de entradas no mesmo día dos concertos,

nos despachos de billetes da sala do concerto (no caso de non agotarse na venda anticipada)

Entrada Libre ate completar aforo, nas seguintes salas:

Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música.

Praza da Constitución



ÍNDICE

Presentación	4
Programa	6
Fichas de artistas	
Orquestra A Tempo de Pontevedra	8
Escola Municipal de Música da Coruña	8
Avishai Cohen	9
Pablo Seoane	10
“Mompiana”. Lluís Vidal Trio	11
Sidsel Endresen	12
Ulrich Mitzlaff/Miguel Mira Cellos	13
Piccola Orchestra Gagarin	14
LUME (Lisbon Underground Music Ensemble)	15
Pasacalles Desbundixie	16
Xan Campos Trio	17
Nils Petter Molvaer	18
Neil Cowley Trio	19
John Taylor	20
Portico Quartet	21





PRESENTACIÓN

Vigo é unha cidade vinculada ao jazz desde hai décadas; en realidade, non só ao jazz senón en xeral á música contemporánea que atopou na cidade sempre un aliado. Nesas coordenadas pódese comprender facilmente porque a celebración cada verán do Festival de Jazz Imaxina Sons converteu o evento nun signo da identidade cultural de Vigo. Na edición de 2011, a sétima xa, o festival transitará por un conxunto de espazos en rede transformando a cidade nun amplo club de jazz, cunha amplificación capaz de atraer xa o interese de públicos, non só de fóra da cidade, senón de fóra de Galicia. Esta nova edición de Imaxina Sons, promovida pola concellería de Cultura e Animación Sociocultural do concello de Vigo, desenvolverase do 17 ao 25 de xuño. Entre as figuras confirmadas no cartel atópanse Avishai Cohen, Nils Petter Molvaer, Sidsel Endresen, Neil Cowley e John Taylor.

A sétima edición é a primeira para o compositor e pianista Nani García como responsable da programación de Imaxina Sons. Este ano ademais o festival desenvolverase durante oito días mantendo a diversidade de concertos, espazos e seccións que en anteriores edicións. O armazón de Imaxina Sons susténtase en principios tan simples como relevantes á hora de pensar a programación: a oferta do festival quer ser compacta en canto á calidade e diversa en canto a públicos e tendencias. Ao longo da súa andaina o festival respondeu ás expectativas do público de jazz máis esixente coa participación de artistas e grupos referentes da vangarda europea. Non deixou, porén, de atender a actualidade da música improvisada porque Imaxina Sons é un festival apaixonado polo momento, polos novos valores nos escenarios e polos territorios entolecidos nos que concorre o jazz no século vinteún.

Que é o que vai acontecer nesta sétima edición? Se falamos de jazz en 2011 debemos referirnos ao contra-baixista Avishai Cohen e ao seu traballo *Seven seas*, que o está a converter na nova estrela do jazz mundial facendo coincidir os gustos de público e crítica. A organización do festival síntese especialmente satisfeita de que sexa o responsable de inaugurar esta edición de Imaxina Sons o venres 17 de xuño no Centro Cultural Caixanova. Ou tamén podemos reparar en Neil Cowley, o encumiado pianista británico en estado de gracia nos últimos tempos, cun traballo que tira da audiencia pop.





Se pensamos en referentes ou, se se quer, en figuras consagradas atopamos indiscutiblemente esa consideración no compositor e trompetista Nils Petter Molvaer, que chega a Vigo por primeira vez e faino cunha proposta electrónica coa que evoluciona nunha das súas liñas preferidas de traballo. Ou reparamos na vocalista e poeta Sidsel Endresen, representante como Molvaer do facer nórdico e experimentada improvisadora vocal. Se de primeiras espadas do jazz europeo falamos, ese título é exercido desde hai décadas polo pianista John Taylor, que pechará o festival o sábado 25, no que participa, como Molvaer, por primeira vez.

Compacto pero diverso, dicíamos. En Imaxina Sons non só nos sentimos contentos polos concertos mencionados, senón por ofrecer unha programación de interese no seu conxunto. Nun ano de axuste orzamentario, o festival propón oito días de jazz nos espazos emblemáticos da vida cultural e musical de Vigo, a cuberto e ao aire libre. A presenza da Lisbon Underground Music Ensemble (LUME) e dos pasacalles Desbundixie achegan de novo a escena portuguesa a Vigo, a colleita do país estará representada, entre outros, por Pablo Seoane e o trío de Xan Campos e o programa inclúe o proxecto Mompiana do pianista Lluís Vidal, que na pasada edición non se puido celebrar por problema de saúde do músico. Así mesmo Imaxina Sons, na súa prospección ao momento jazzístico europeo, razón de ser do festival, pousou este ano a ollada sobre Reino Unido para incluír, ademais dos mencionados John Taylor, e Neil Cowley Trio, a Portico Quartet formación que conduce o jazz pola sendas da electrónica.

Un dos obxectivos do festival desde o seu nacemento é ser plataforma para os proxectos jazzísticos máis próximos e establecer unha rede entre artistas, institucións, clubs, audiencias e escolas, que forman parte un ano máis da programación de Imaxina Sons. A expansión do festival apóiase na complicidade dos espazos vigueses para a cultura e a música. O Centro Cultural Caixanova, co extraordinario teatro italiano; o Conservatorio, como factoría de músicos da cidade; o Auditorio Municipal, un espazo público remozado e natural para o festival; o MARCO, un foro perfecto para as propostas arraiáns e públicos destemidos, e a praza da Constitución, símbolo de lecer e de encontro para as noites de fin de semana do festival. Con cadansúa identidade, son os mellores escenarios para Imaxina Sons. Ademais o festival conta con outras extensións: chegará aos clubs coa programación Jazz na Noite e a diversos puntos da cidade como prazas, mercados e, se vai calor, até a praia, coa música dos pasacalles.





PROGRAMA

VENRES, 17 DE XUÑO

Orquestra A Tempo de Pontevedra. *Varios espazos e horarios*

22,30 h **Avishai Cohen.** *Centro Cultural Caixanova*

01,30 h **JAZZ NA NOITE.** *Xancarajazz*

SÁBADO 18 DE XUÑO

Escola Municipal de Música da Coruña. *Varios espazos e horarios*

21,00 h **Pablo Seoane.** *Auditorio "Martín Códax" Conservatorio Superior de Música*

01,30 h **JAZZ NA NOITE.** *Xancarajazz*

DOMINGO 19 DE XUÑO

21,00 h **"Mompiana". Lluís Vidal Trio.**

Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música

LUNS 20 DE XUÑO

20,30 h **Sidsel Endresen.** *Salón de actos do MARCO*

23,00 h **JAZZ NA NOITE** *Contrabajo*

MARTES 21 DE XUÑO

20,30 h **Ulrich Mitzlaff/Miguel Mira Cellos.** *Salón de actos do MARCO*

23,00 h **JAZZ NA NOITE.** *Contrabajo*

MÉRCORES 22 DE XUÑO

20,30 h **Piccola Orchestra Gagarin.** *Salón de actos do MARCO*

22,00 h **LUME (Lisbon Underground Music Ensemble).** *Auditorio Municipal*

23,00 h **JAZZ NA NOITE.** *Contrabajo*

XOVES 23 DE XUÑO

Pasacalles Desbundixie

21,30 h **Xan Campos Trio.** *Auditorio Municipal*

23,30 h **JAZZ NA NOITE.** *Quomo*

VENRES 24 DE XUÑO

Pasacalles Desbundixie

21,30 h **Nils Petter Molvaer.** *Auditorio Municipal*

23,00 h **Neil Cowley Trio.** *Praza da Constitución*

01,30 h **JAZZ NA NOITE.** *Xancarajazz*

SÁBADO 25 DE XUÑO

Pasacalles Desbundixie

21,00 h **John Taylor.** *Centro Cultural Caixanova*

23,00 h **Portico Quartet.** *Praza da Constitución*

*7º Festival
de Jazz de Vigo*

IMAXINASONS

17 / 25 xuño 2011 Concertos · Exposicións · Conferencias · Mesas redondas · Master-Class · Música na rúa



ARTISTAS



IMAXINA NA RÚA

As escolas de música son xa parte natural do programa do Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons constituíndo un apartado en si mesmo denominado Imaxina na Rúa. O nivel musical que amosan nas actuacións en rúas e prazas da cidade é a mellor promoción para un festival de jazz.



VENRES, 17 DE XUÑO

Orquestra A Tempo de Pontevedra

Varios espazos e horarios

Hai xa trece anos que nacia a orquestra A Tempo en Pontevedra como unha formación con vocación pedagóxica e integrada por estudantes e afeccionados entre os 13 e os 55 anos. Dirixida por María Luisa Sánchez González e Miguel Angel Rodríguez, a orquestra supón unha oportunidade para iniciarse na práctica orquestral cun repertorio conformado por estándares de blues, jazz e rock. Vinculada á escola de música A tempo, esta orquestra vese enriquecida ademais coa colaboración do IES A Xunqueira 1 de Pontevedra, cuxo alumnado ten a oportunidade de acceder á formación musical de jazz. Estes músicos entusiastas son os encargados de animar a rúa na primeira xornada do 7º Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons e, como xa amosaron en anteriores ocasións, abofé que o conseguen.

SÁBADO 18 DE XUÑO

**Escola Municipal de Música
da Coruña**

Varios espazos e horarios



A Escola Municipal de Música da Coruña acubilla no seu seo a alumnos e alumnas con diferentes intereses e sensibilidades musicais; de diferentes idades e con estilos dispares. Sen dúbida, a área de música moderna e jazz desta escola e o seminario de jazz que celebra anualmente este centro espertan cada vez maior interese entre os rapaces afeccionados ao jazz. Na ensemble que participa no programa da sétima edición do Festival de Jazz de Vigo "Imaxina Sons", dirixida por José A. Acuña –tamén director da Escola– pódese apreciar a calidade destas mozas e mozos cun repertorio no que mesturan temas orixinais con estándares.



Venres 17 de xuño 2011, Centro Cultural Caixanova



Avishai Cohen

O contrabaixista e cantante Avishai Cohen (Xerusalén, 1970) está a presentar en escenarios de todo o mundo o seu novo traballo discográfico *Seven seas*; no mes de abril comezou xira europea colgando o cartel de non hai entradas na sala Olympia de París e forzando un segundo concerto non previsto. Como un efecto dominó, as butacas enchéronse en todos os seus concertos continentais. O músico responsable de abrir a sétima edición de *Imaxina Sons* está vivindo 2011 como o mellor ano profesional e artístico da súa vida. Se o público responde nos seus concertos, a crítica de jazz loa sen contención o seu último disco.

Seven seas (Blue Note Records, 2011) aparece como o punto álxido na traxectoria dunha estrela do jazz e posiblemente sexa o grande acontecemento do jazz neste ano. A súa escoita devólvenos unha idea da fermosura procurada polo contrabaixista –ademais de voz– ao incorporar a tradición latina e sefardí, como xa fixera nos discos anteriores *Aurora* (2009) e *Sha'ot Regishot* (2008), tamén editados con Blue Note. A proposta no escenario resulta á vez sofisticada e hipnótica, con momentos acelerados de ritmo que non permiten a desconexión da audiencia do que está escoitando e vendo. Para a súa formación de trío, Cohen acompañaase do batería Amir Bresler, un portento de vintedous anos, e Shai Maestro no piano. Con eles o contrabaixista síntese cómodo e os dous redundan no seu momento de madurez musical.

O contrabaixista e cantante formouse como músico de jazz en Nova York; até aquel momento e desde a nenez Avishai Cohen dedicárase a estudar música, primeiro centrouse no piano e despois no baixo eléctrico. Na cidade estadounidense integrouse no trío do pianista Danilo Pérez e no sexteto do pianista Chick Corea, que apadriñou ao talentoso músico. Tamén gravou e tocou con músicos como Bobby McFerrin, Roy Hargrove, Herbie Hancock ou Paquito D'Rivera. Compositor e intérprete xenial; construtor dun jazz moderno que á vez non deixa de ser cálido e vibrante; catalizador de historias e lendas que outorgan unha ampla gama de brillos á súa música. Un mestre do contrabaixo, un improvisador cunha xenialidade poucas veces vistas e un líder cunha rica e calidoscópica historia. Así o describían recentemente na publicación norteamericana *All About Jazz*. Cunha equipaxe rebordante de intenso traballo, críticas óptimas e audiencias afervoadas, Avishai Cohen abre a sétima edición do Festival de Jazz de Vigo *Imaxina Sons*.

Avishai Cohen, contrabaixo e voz
Shai Maestro, piano
Amir Bresler, batería

www.avishaimusic.com/



Sábado 18 de xuño 2011, Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música



Pablo Seoane Trío

Pablo Seoane (Ferrol, 1968) é, desde hai unha década, unha figura inqueda no panorama jazzístico galego. Pianista, compositor, profesor, escritor... A súa enerxía transmítese na música que fai: composicións de jazz contemporáneo que funden as súas raíces, formas e improvisacións no jazz clásico sen rexeitar a experimentación con fraseos e harmonía modernas. Preséntase en Imaxina Sons liderando o trío, unha das súas formacións habituais coa que pretende ofrecer un repertorio que constrúa un relato sen palabras, pero con emocións, humor e melancolía.

Pablo Seoane estudou Música no Conservatorio da Coruña, Filosofía en Santiago de Compostela, Filoloxía Inglesa en Salamanca e Literatura Norteamericana en Wake Forest (EEUU). Dalgunha maneira ese amplo abano de intereses académicos ofrécenos unha imaxe das súas inquedanzas. Como pianista desenvolveu unha intensa actividade desde hai unha década en todos os clubs e festivais do país e tamén saíndo ao estranxeiro. A súa actividade transcendeu a edicións discográficas como Falou (Audia Records, 2006) co trío ou, máis recentemente, Lupercal: Sar 40, xunto ao batería LAR Legido, cómplice musical de Seoane nos últimos tempos. Desde 2009 ademais o pianista ferrolán coordina as jam-session de free jazz que se celebra no local El Puente de Santiago de Compostela e ademais imparte aulas en dúas escolas da mesma cidade así como no Conservatorio de Ferrol.

Aínda que suxeito ao tempo que lle deixa a música, Seoane non descoidou a súa faceta de filólogo e traduciu ao galego a dramaturgos como Harold Pinter e Samuel Beckett. Na actualidade está traballando nun ensaio sobre a música e o azar.

Pablo Seoane, piano
José Manuel Díaz, contrabaixo
LAR Legido, batería



Domingo 19 de xuño 2011, Auditorio "Martín Códax" do Conservatorio Superior de Música



Mompiana

Falaba Frederic Mompou (Barcelona, 1893-1987) das súas composicións como música de audición interna; cos medios mínimos o compositor tiña como obxectivos “penetrar nas grandes profundidades da alma e as rexións máis secretas do espírito”. Ao pianista Lluís Vidal (Barcelona, 1959) perseguiu sempre a música de Mompou, até chegou a vivir no mesmo edificio que o compositor en Barcelona nos últimos anos de vida deste. Mompiana é unha relectura de Mompou baixo os parámetros da música improvisada. No disco do mesmo nome (Universal / Contrabaix, 2009) o Lluís Vidal Trio, co pianista, Masa Kamaguchi no contrabaixo e David Xirgu na batería conta coa colaboración de dous dos principais solistas do jazz mundial, o saxofonista Perico Sambeat e o trompetista Dave Douglas.

Mompou creou unha linguaxe sonora propia e a súa música caracterízase pola melancolía e nítrese en moitas ocasións de melodías do folclore catalán. Esa música calada fíxoo destacar desde novo; foi alumno do compositor francés Gabriel Fauré quen apoia o traballo do barcelonés, quen ve como o seu mestre Motte-Lacroix estrea obras súas nun concerto en 1921. A publicación dunha crítica no xornal Le Temps colocaroo á par de compositores como o propio Fauré, Ravel ou Satie. Pasaría vinte anos en Francia até que volve a Barcelona en 1941; foi membro da Real Academia Catalá de Belas Artes Sant Jordi e recibirá en 1981 o Premio Nacional da Música de España. En 2006 nace a Fundación Frederic Mompou para conservar e difundir o seu legado; meses máis tarde faise público o achado de decenas de obras inéditas do compositor e pianista. Lluís Vidal afonda nos cadernos de Música Callada de Mompou, considerado un traballo de orfebrería musical, para facer a selección de composicións de Mompiana.

“As pezas seleccionadas tiñan que proporcionar unha forma e unha base harmónica apta para a improvisación, unha liña melódica adecuada para os instrumentos dos que dispuña e unha diversidade nos tempos e caracteres. Por outro lado, non quería facer unha relectura que se afastara diametralmente do orixinal, senón que a obra de Mompou fose recoñecible e conservase a súa esencia. Tiña a sensación de estar camiñando sobre unha finísima liña de equilibrio”, explica o pianista e compositor. Mompiana é un proxecto moi celebrado por crítica e público desde a súa presentación en directo no Festival de Jazz de Barcelona de 2008. Despois de frustrarse a súa presentación ao público de Imaxina Sons na edición de 2010, é un pracer para o festival recuperar o proxecto de Lluís Vidal no programa deste ano.

Lluís Vidal, piano
Perico Sambeat, saxos
Chris Kase, trompeta
Masa Kamaguchi, contrabajo
David Xirgu, batería

www.lluisvidal.com



Luns 20 xuño 2011, Auditorio do MARCO



Sidsel Endresen

Coa cantante Sidsel Endresen (Noruega, 1952) o Festival de Jazz de Vigo Imaxina Sons propón unha experiencia vocal única que demostra que a voz como instrumento non ten límites dentro do jazz. A cantante norueguesa conduce a súa voz en diferentes niveis; tan pronto domina a escena como xoga con texturas á beira dos outros instrumentos, confundíndose con eles. Sidsel Endresen exerce de poeta que precisa da música e como representante da música atonal, dotada dunha extraordinaria imaxinación.

Da súa boca saen os sons máis extravagantes que se poidan escoitar nas paisaxes minimalistas que Sidsel Endresen nos presenta enriba do escenario. “Escoito moito formas tradicionais de músicas do mundo como a árabe, xaponesa...xa só polo meu interese nos aspectos sonoros do que fan, non tanto polas súas formas tradicionais como polo modo no que as súas voces usan as diferentes formas de son. Penso que aprendín moito diso e tamén facendo moita investigación pola miña conta, sentada durante horas no meu pequeno estudo gravando todo o que fago e despois escoitar e pensar ben, isto está ben quizais para desenvolver algo que pague a pena. Tamén recibín algunhas clases de Meredith Monk e no principio algunhas clases de profesores de Clásica que me ensinaron algunhas cousas realmente moi boas sobre o uso clínico da voz. Sobre a respiración, sobre o control...Así que é unha mestura”. Así llo explicaba ao xornalista Carlos Pérez Cruz nunha entrevista recente, na mesma na que amosaba sorpresa con que algunha vez a tivesen comparado con Patty Smith.

Sidsel Endresen comezou o seu propio proxecto artístico a finais dos anos oitenta tras anos formando parte como cantante e coautora do Jon Ebersson Group. En 1989 asina co selo ECM e edita con eles os discos *So I Write* (1990) e *Exile* (1994). Nin mais nin menos que Django Bates, Nils Petter Molvaer e Bugge Wesseltoft atópanse entre os seus colaboradores daqueles tempos; estes dous últimos estaban a piques de darlle notoriedade internacional ao jazz nórdico. Pero foi Sidsel quen fabricou un disco, *So I Write*, que definía gusto polo minimalismo, o carácter vangardista dun conxunto de músicos nórdicos e a tendencia á crear ambientes sonoros. A vocalista abría novas vías para o chamado nu-jazz escandinavo. Nos últimos anos Sidsel Endresen foi coautora e intérprete dunha ópera (*Lautleben*, 1999), escribiu a música do filme *Expedition* de Runi Langum (2000), dirixiu o proxecto *Undertow*, que xirou por toda Europa, e formou dúo co dj Jan Bang participando no seu disco *And Poppies from Kandahar* (2010). Ao redor de Sidsel Endresen xerouse ao longo deste tempo unha corrente de admiración que se traduce na excelente acollida que teñen as súas actuacións. Para moitos, unha recompensa merecida. Nin fai malabarismos nin é unha cantante de folclore; ela soa no escenario, unha cadeira, un micro e unha voz natural, estraña e salvaxe.



Martes 21 xuño 2011, Salón de Actos do MARCO



Ulrich Mitzlaff / Miguel Mira. Cellos

Dúo de cellos no escenario? Pois si. Como nos lembra o crítico portugués Rui Eduardo Paes sendo unha rareza na música occidental hai que remitirse ao repertorio do compositor romántico Jacques Offenbach para atopar a inspiración desta proposta actual. Retomando ese espírito e cunha oferta apta para exploradores, Ulrich Mitzlaff e Miguel Mira formulan un xogo entre cellos na procura da súa propia esencia, dos valores intrínsecos dun instrumento que, de súpeto, pode verse afastado da súa sonoridade máis popular. Poderíamos dicir sen esaxerar que os dous músicos métense de cabeza no cello.

Cellos que se achegan a contra baixos cando o dúo soa a jazz e cellos que semellan enxeños electrónicos. Música experimental e improvisada nun formato único; o dito, unha rareza. O dúo de Mitzlaff e Mira estreouse no LEM Festival Primavera 2009 no Museu d'Art Contemporani de Barcelona onde chamou a atención a interactividade que transmitía a dupla experiencia sonora. Despois chegaría a edición do cd Cellos (Creative Resources, 2010). Mitzlaff colabora regulamente con algúns dos máis relevantes músicos experimentais en Portugal, como Carlos "Zíngaro", Nuno Rebelo, Carlos Santos e Carlos Bechegas.

Mira, pola súa parte, ten un percorrido no jazz que pasou por practicamente todas as súas tendencias, desde a fusión até a libre improvisación, en proxectos como o Motion Trio e os Rive Gauche, tendo colaborado con importantes nomes como Carlos "Zíngaro", Rodrigo Amado e Scott Fields. Nas súas palabras, persiste na indagación do papel dos instrumentos de corda para o jazz e a improvisación. Ámbolos dous músicos participan na actividade da asociación Granular (www.granular.pt), dedicada a promover a arte experimental en Portugal.

Ulrich Mitzlaff, cello
Miguel Mira, cello



Mércores 22 xuño 2011, Salón de Actos do MARCO



Piccola Orchestra Gagarin

Paolo Angeli, Sasha Agranov e Oriol Roca son tres músicos con vertentes artísticas moi orixinais por separado. Desde hai algo máis de un ano, as ocorrencias dos tres súmanse no escenario co proxecto Piccola Orchestra Gagarin, que naceu tras unha actuación en Barcelona. Como o astronauta ruso fixo hai cincuenta anos, o seu é unha viaxe ao exterior con rumbo incerto. Cada concerto da Piccola Orchestra Gagarin, unha experiencia única. Instrumentos tuneados para a ocasión, obxectos que se agregan ao espectáculo, sentido do humor, sons tradicionais de Sardeña que coa voz de Angeli adquiren forza, toques pop e free jazz. Algo de todo iso pódese percibir no resultado final: unha música con misterio, unha viaxe non exenta de beleza pero tamén con momentos de explosión sonora que provocan incerteza á audiencia. Non hai un percorrido definido, o que hai son illas para ir saltando entre elas, anticipanos a Piccola Orchestra Gagarin.

O guitarrista Paolo Angeli (Sardeña, 1970) é recoñecido como un dos representantes máis xenuínos da música de vangarda. A súa bandeira é a guitarra xarda preparada cuxa sonoridade atrapou a músicos como Pat Metheny ou Fred Frith, que colaboraron co italiano. Angeli visitou en solitario o Imaxina Sons en 2006; desde 1997 ofrece concertos só cunha guitarra sarda, facendo coexistir sonoridades ancestrais e modernas (utilizando pezas de metal, cordas de sitar ou enxeños en miniatura). Do seu encontro con músicos experimentais, xorde a súa teima por rachar fronteiras entre a música clásica, a música tradicional, o jazz, o rock e a improvisación. Os compañeiros de aventura nesta Piccola Orchestra Gagarin tampouco se dedican ao mainstream: Oriol Roca (Barcelona, 1979) é un reputado batería de jazz e un dos promotores do colectivo de improvisación CREA, en Barcelona, e Sasha Agranov (San Petersburgo, 1977) é o 50% do proxecto Selva de Mar co que xirou por todo o mundo componendo o que denominaban música acuática e da compañía Circus Delirium con sede tamén en Barcelona.

Da ensamblaxe entre os membros desta singular orquestra e do seu disco *Platos Combinados* (2011) comentaba Germán Lázaro na revista *Cuadernos de Jazz*: “Ademais, a suma das distintas sensibilidades e procedencias dos músicos, enriquece o resultado. Angeli, coa súa improbable guitarra e o seu inesperado son, móvese entre a música tradicional, o son máis progresivo e a improvisación máis abrupta. Agranov, con exquisita técnica clásica, proporciona os elementos máis melódicos, cun ollo posto noutras tradicións e outro nunha estética máis contemporánea. Roca, versátil e de adaptación rápida, proporciona toda clase de ritmos, máis buscando a conveniencia temática que un estilo determinado. O conxunto é un disco sorprendente, rexistro do seu quefacer en directo”.

Paolo Angeli, guitarra xarda preparada e voz
Sasha Agranov, chelo e loops
Oriol Roca, batería e obxectos



Mércores 22 xuño 2011, Auditorio Municipal



Lisbon Underground Music Ensemble (LUME)

Con quince integrantes, a portuguesa Lisbon Underground Music Ensemble achégase á idea de big band polo número de músicos mais o certo é que o seu repertorio afástase de calquera concepción tradicional. O seu primeiro disco homónimo, editado en 2010, revela os lazos coa música por e rock, especialmente a querenza dos portugueses por Frank Zappa e pola música de baile. A banda apóiase na frauta, no clarinete e no saxo soprano; conta con músicos procedentes do jazz pero tamén da música clásica. Baixo a dirección do compositor e pianista Marco Barroso, LUME mestura influencias do funk, do boogie woogie e de ambientes impresionistas; así mesmo conxuga a música escrita coa improvisación. Nos últimos anos convertéronse nun dos acontecementos do jazz en Portugal.

A idea de LUME naceu en 2006 da man de Marco Barroso que quería argallar un proxecto no que ademais de exercer de intérprete tivera oportunidade de dirixir e, sobre todo, compoñer. Tratábase de formar unha grande banda, na que os instrumentos de vento tiveran un papel especial e que tivera unha orientación ecléctica con cabida para o traballo de autor. Barroso tiña na cabeza naquel momento modelos como o da Vienna Art Orchestra ou Carla Bley. Pianista desde que a súa memoria lle permite lembrar, Barroso é un dos músicos máis recoñecidos da escena improvisada no país veciño; na súa mocidade foi atento seguidor do grunge, do noise e do trash metal e aínda hoxe non se considera un músico de jazz. “De forma simples, posso dizer que tenho uma grande paixão pelo rock, muita curiosidade pelo jazz e um interesse pela música contemporânea que envolve estudo mais formal da técnica e da análise”, sinala.

Alguén describiu a música de LUME como unha lección de historia do jazz impartida enriba dunha montaña rusa. O crítico portugués Nuno Catarino tamén considera que nas actuacións da banda hai unha viaxe polas décadas do jazz á velocidade da luz, cunha chea de referencias que van de Duke Ellington a Sun Rá. Para o ensaísta e crítico Rui Eduardo Paes o disco de LUME é un traballo “pos-moderno” pola súa vontade de rachar fronteiras estilísticas, subvertir linguaxes e mesturar estéticas aparentemente antagónicas. A capacidade creativa de Barroso atopa na excelencia técnica dos músicos desta big band a mellor canle para poñer en pe un proxecto desta envergadura que ten grandes perspectivas fóra de Portugal. A sétima edición de Imaxina Sons supón a primeira oportunidade de presentarse ante a audiencia galega.

Marco Barroso, dirección, composición e piano
Paulo Gaspar, clarinete
João Pedro Silva, saxo alto
Elmano Coelho, saxo barítono
Luis Cunha/ Eduardo Lála/ Pedro Canhoto, trombóns
André Sousa Machado, batería

Manuel Luís Cochofel, frauta
Jorge Reis, saxo soprano
José Menezes, saxo tenor
Jorge Almeida/ João Moreira/ Pedro Monteiro, trompetas
Miguel Amado, contrabaixo e baixo eléctrico

<http://lume-info.blogspot.com/>



Pasacalles. Xoves 23, venres 24 e sábado 25 xuño



Desbundixie

Unha viaxe pola historia do jazz que ten como obxectivo animar a quen a escoita e fomentar o gusto por este xénero musical en tantas ocasións considerado elitista. Así é a proposta de pasacalles da sétima edición de Imaxina Sons coa banda portuguesa Desbundixie. Sete músicos orquestran toda unha serie de pezas ao estilo Dixieland para ofrecer actuacións divertidas e alegres, con vocación popular. Desbundixie é un grupo orixinario de Leiria, no centro de Portugal, que xa participou desde a súa creación en 2010 en festivais de jazz tanto no seu país como fóra, tal é o caso do festival de dixieland de Canterbury, no Reino Unido. No ano 2008 presentaron o seu primeiro cd titulado Blow kick'n; ao ano seguinte editarían Up 2 Nine coa participación de Maria João na voz e Filipe Melo no piano. Nas rúas e prazas de Vigo mostrarán os seus puntos fortes: irreverencia e improvisación para destacar a faceta máis popular e divertida da música de jazz.

Manuel Sousa, trompeta
Flávio Cardoso, clarinete
César Cardoso, saxo tenor
Ricardo Carreira, trombón
Pedro Santos, banjo tenor
Daniel Marques, tuba
João Maneta, batería

<http://www.myspace.com/desbundixie>



Xoves 23 xuño, Auditorio Municipal



Xan Campos Trío. Orixe cero

Co concerto de Xan Campos Trío o Imaxina Sons está a programar o talento do novísimo jazz feito en Galicia. O pianista de Cangas leva unha abraiante traxectoria se atendemos a súa xuventude. Coñece ao batería Iago Fernández no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra co que establece unha alianza musical e posteriormente ambos atópanse co contra baixista Horacio García no Centro Superior de Música do País Vasco, no que cursaban o grao superior de jazz. Levan xuntos como trío desde aquela, hai máis de cinco anos, e veñen de editar o disco Orixe Cero, no que o pianista esforzouse no traballo coas estruturas rítmicas e, no proceso, acabou dando con varias melodías pegadizas.

Xan Campos (Cangas, 1987) comeza a súa formación musical con seis anos e posteriormente inicia os estudos de piano no conservatorio desta vila. O seu primeiro contacto co jazz prodúcese no Seminario Permanente de Pontevedra, no que participa durante cinco edicións. Ao rematar os seus estudos de Grao Profesional de piano clásico trasládase ao Musikene de Donostia para realizar o Grao Superior de Jazz, onde é o alumno máis novo en licenciarse, con 21 anos. Desde aquela Xan Campos foi tecendo unha reputación e prestixio que o sitúa entre os mellores músicos de jazz de toda a península. Compartiu escenario e estudo con nomes do panorama jazzístico internacional como Logan Richardson, Marcus Strickland, Lage Lund, Walter Smith III, Ambrose Akinmusire, Marcus Gilmore, Perico Sambeat ou Matt Brewer.

Orixe cero garda tamén unha historia familiar e sentimental; o disco convértese nun pequeno tributo ao avó do pianista, co que Xan Campos se formou musicalmente nos seus primeiros anos de vida. O batería Juan Rial “Palleiro” foi un dos primeiros músicos de jazz de Galicia nos anos 50 e autor do valse “Dulce Pepita”, que é recuperado polo seu neto para o peche desta disco.

Xan Campos, piano
Horacio García, contra baixo
Iago Fernández, batería

www.myspace.com/xancampos



Venres 24 xuño, Auditorio Municipal



Nils Petter Molvaer

Entre as figuras que marcan as identidades do jazz europeo ao longo das últimas décadas e sobre as que Imaxina Sons construíu tamén o seu discurso sempre quedan débedas pendentes. Por iso é unha satisfacción cando chega o momento de poder saldalas co público do festival. Tal é o caso de Nils Petter Molvaer (Sula, Noruega, 1960), trompetista, compositor e produtor cunha ambiciosa traxectoria no mundo jazzístico que o levou por paus diversos. Sen dúbida, é un dos nomes de referencia do jazz desde hai máis dunha década cando o seu álbum *Khmer* (ECM 1997) acadou un grande éxito e o artista comezou a gobernar completamente na súa travesía musical. Nils Petter Molvaer sempre quere facer algo distinto e chega á sétima edición de Imaxina Sons acompañado da electrónica.

Tanto éxito tivo aquel disco titulado *Khmer*, co que Molvaer deixaba atrás intensos e frutíferos anos de sideman á beira de Sidsel Endresen, Marilyn Mazur ou Robyn Schulkowsky, que a casa alemá ECM por primeira vez na súa historia extraeu e mesturou tres singles do mesmo. Baste dicir que o disco en cuestión vendeu ao redor de cen mil copias e que supuxo o despegue de NPM nun círculo de audiencia nova, máis alá do jazz, contribuíndo a encher un chanzo perdido entre o jazz e a música popular. Abría á porta a un estado underground no jazz nórdico pola que tamén se colarían músicos como Bugge Wesseltoft ou Esbjörn Svensson. Estaban a provocar que o público de jazz se erguese da súa butaca.

Para entender a filosofía de Molvaer quizais hai que recorrer a unha infancia con proxenitor saxofonista e cos discos de Miles Davis como música de cabeceira. Como el mesmo lembra, non creceu interpretando estándar de jazz. Para abordar o que foi durante os últimos tempos a relación entre o jazz e a electrónica ou a música dance hai que recorrer aos múltiples proxectos de Molvaer. A *Khmer* seguiríanlle discos clave como *Solid Ether* (ECM, 2000), *NP3* (Universal, 2002) e *Streamer* (Sula Records, 2004, directo), nos que abonda na indagación de novas texturas e técnicas para a trompeta fundida co estilo dos numerosos traballo de Molvaer para o cine e a publicidade. En 2009 edita *Hamada* (Thirsty Ear Recordings), coa colaboración dos músicos Audun Erlien, Audun Kleive, Eivind Aarset e o dj Jan Bang, un disco que responde á capacidade de Nils Petter Molvaer para darlle unha volta a todo o andado e no que o carácter visual da música ofrece unha nova dimensión. Con ese mesmo concepto visual do seu traballo, Nils Petter Molvaer preséntase ante o público de Imaxina Sons co que promete ser toda unha experiencia.



Venres 24 xuño 2011, Praza da Constitución



Neil Cowley Trío

O pianista Neil Cowley (Londres, 1972) descríbese como un outsider. Porén, a súa frenética actividade musical e o éxito conseguido nos últimos anos sitúao no centro musical do jazz. Ou quizais do pop, porque Neil Cowley fai unha lectura jazzística da música popular das últimas décadas. Este pianista, que di estar nas marxes, non ten parada: colabora con iconas do pop como o grupo Stereophonics, crea música para unha campaña televisiva de telefonía móbil, recolle premios e distincións e ten oportunidade de desenvolver, desde hai seis anos, un proxecto sólido á fronte do seu trío. Non está a inventar Cowley o encontro entre o jazz e a tradición británica do pop-rock, pero si o impregna de nova forza e frescura.

Neil Cowley aseguraba nunha entrevista hai uns anos que a banda dos seus soños estaría formada por Ali Farka Touré na guitarra, John Lee Hooker na guitarra e na voz, Donald "Duck" Dunn no baixo, Robbie McIntosh na batería, Chaka Khan e Siedah Garrett nos coros e Frank Zappa como manager. Naquela etapa o pianista comezaba unha nova etapa na súa carreira musical formando un trío xunto ao contrabaixista Richard Sadler e o batería Evan Jenkins. *Displaced* (Hide Inside Records, 2006), o primeiro disco do trío, xa deixou claro as diferenzas que establecía este proxecto con músicos antecesores no abrazo do jazz e as melodías pop. *Displaced* era un disco contundente que mereceu o premio BBC Jazz ao mellor álbum. Virían despois *Louder... Louder... Stop!* (Cake, 2008), traballo polo cal a crítica musical británica cualificounos de movemento post jazz, e *Radio Silence* (Naim Jazz, 2010), o último editado aínda que xa existe un cuarto disco case listo para darse a coñecer.

Cowley procede do ámbito pop rock e formou parte desde os anos noventa de grupos como Brand New Heavies e Zero 7; despois montou o seu propio proxecto, *Fragile State*, no que exploraba as posibilidades electrónicas. Nalgún momento o proxecto perdeu sentido para o músico que iniciou un proceso de redescuberta do piano e a formación do trío. Desde aquela o Neil Cowley Trio pode participar en festivais como Glanstonbury e o iTunes Festival, centrados no pop e no rock, pero formando parte das citas jazzísticas máis relevantes, non só no Reino Unido, senón en toda Europa. O número de directos desta formación nos últimos anos da fe da actividade frenética do pianista e do interese dos programadores de jazz en Europa na súa proposta. Neil Cowley síntese seguro no círculo jazzístico aínda que non estea considerado un músico de jazz; as súas raíces son outras pero iso non lle resta confianza no seu proxecto. Sexa como for, publicacións especializadas e críticos musicais xa consideran a formación de Cowley como un dos mellores tríos de piano do jazz contemporáneo. Case nada para alguén que non pertence ao club.



Sábado 25 xuño 2011, Centro Cultural Caixanova



John Taylor

Se unha das cuestións que define a edición de 2011 de Imaxina Sons é a presenza da música británico na súa programación, isto débese en boa parte á participación do compositor e pianista John Taylor. Considerado un artesán da música e convertido nun teimoso mestre do piano, esquivo e colorista a partes iguais nas súas propostas, Taylor, con máis de catro décadas de camiño andando, representa a relevancia do jazz feito no Reino Unido. Un jazz non poucas veces devalado respecto ás correntes continentais malia contar con figuras como este xenio de música de sofisticada factura, que coa súa máis nova alianza, o trío xunto a Palle Danielsson e Martin France, acadou o equilibrio procurado durante anos.

John Taylor (Manchester, 1942) é un músico constante, desde que en 1969 uniu o seu piano aos saxofonistas Alan Skidmore e John Surman. Ao longo dos anos o seu traballo integrouse en proxectos non liderados por el aos que aportou un estilo propio. E non lle foi mal, John Taylor é un dos contados pianistas –ocórrensenos tamén Herbie Hancock, Keith Jarrett ou Brad Mehldau- con aspiracións a acadar audiencias máis ambiciosas en número que as propias do ámbito jazzístico. Nos anos setenta formou trío con Norma Winstone e Kenny Wheeler baixo o nome Azimuth; editaban con ECM e triunfaron en todo o mundo; nos oitenta acompañou a líderes como Jan Garbarek, Enrico Rava, Lee Konitz e compuña para unha orquestra radiofónica. Desde principios dos anos noventa John Taylor pasa a maior parte do tempo fóra do Reino Unido noutra faceta fundamental para el: a de profesor de jazz en diferentes institucións de educación superior. Entrou no século vinteun con inmellorable pe xa que en 2002 recibía o premio de jazz da BBC ao mellor novo traballo por unha peza “The Green Man Suite” composta para o tour co que Taylor celebraba o seu sesenta aniversario. Gravou ademais un disco a dúo con Kenny Wheeler *Where do we go from here?* (CAM, 2005), e outro co contrabaixista Charlie Haden, *Nighthall* (Naim, 2005) que se presentaron no festival de Montreal.

Co contrabaixista sueco Palle Danielsson e o batería Martin France marca un punto de inflexión xa que para boa parte do mundíño jazzístico británico a considera a súa mellor formación, coa que as cualidades artesanais e as posibilidades cromáticas de Taylor saen realmente á luz. *Angel of presence* (CAM, 2006) tivo unha acollida entusiasta por parte da crítica e con ese traballo Taylor decatouse de que, malia o seu labor en segundo plano durante tanto tempo, era un dos pianistas de jazz máis admirado en Europa. É a música deste disco, como a de Taylor en xeral, pudorosa coas emocións e de grandes desenvolvementos inesperados nun principio. Con influencia da formación clásica, pero experimentando coas métricas asimétricas e utilizando en ocasións patróns de percusión nas teclas, o xenio de John Taylor aliméntase dunha grande capacidade para a invención, a orixinalidade e a delicadeza.

John Taylor, piano
Palle Danielsson, contrabaixo
Martin France, batería



Sábado 25 xuño 2011, Praza da Constitución



Portico Quartet

En moi pouco tempo a formación británica Portico Quartet acadou prestixio e fama no ámbito jazzístico; percorreron moito á grande velocidade. Para algúns, é unha banda de mozos de vintetantos cunhas fantásticas perspectivas; para outros é xa unha formación madura coas cartas enriba da mesa. Duncan Bellamy, na batería, Milo Fitzpatrick no contrabaixo, Keir Vine, hang e teclado, e Jack Wyllie, nos saxos tenor e soprano e na electrónica, son os citados rapaces de vintepoucos. Queren atender ás expectativas creadas sobre eles, de modo que no último ano non paran de tocar e de preparar unha chea de material novo. Co seu primeiro disco chegaron ás listas comerciais da radiofórmula británica e, desde aquela, continúan en racha cunha receita que ule a jazz aínda que non fuxe nin da electrónica non dos ritmos do mundo. De feito, forman parte do catálogo de Real World Records, compañía fundada por Womad e Peter Gabriel.

No escenario é o hang o que marca a dirección e non é estraño que utilicen tres distintos no mesmo directo. Deberíamos explicar a estas alturas que é o hang, un instrumento peculiar de percusión que caracteriza o traballo de Portico Quartet. Foi creado en Suíza a finais dos anos noventa e ten algo de gongs, tambores e campás. Ten un ton central profundo ao redor do cal pode tocar nove notas afinadas. Duncan Bellamy e Nick Mulvey comezaron a experimentar co hang e descubriron unha ferramenta liberadora para o que querían compoñer, que podía soar ao Caribe mentres nos remite ao máis refinado minimalismo.

Os membros de Portico Quartet, con aparencia de novísimos indies, pasaron por escolas de jazz, de clásica e de música popular; tamén teñen interese en estudar músicas africanas e asiáticas, algo que se transmite nos seus discos. O seu último disco editado, *Isla* (Real World Records, 2009), semella máis motivado pola creación de atmosferas que por achegarse ao jazz tradicional como se distinguía no primeiro traballo *Knee Deep in the North Sea* (Vortex, 2007). Con aquel primeiro traballo editado Portico Quartet comezou o seu lanzamento como banda que aspiraba a audiencias de peso; vinculada ao jazz, pero ocupando os espazos da música popular e do que eles mesmos denominan "J-pop". O disco foi nominado aos Mercury Music Prize xunto a bandas como Radiohead, The Last Shadow Puppets e Elbow. Retomando a cita dun crítico londinense, sen ser un grupo de escoita simple, si é un grupo de son cordial, cuxa música transmite a harmoniosa relación entre os seus integrantes e a potencialidade dun cuarteto navegando entre o jazz e o resto do mundo.

Duncan Bellamy, batería
Milo Fitzpatrick, contrabaixo
Keir Vine, hang e teclado
Jack Wyllie, saxos tenor e soprano e electrónica

www.imaxinsons.com

Tickets á venda

www.servinova.com



novacaixagalicia



Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo